

www.ania.gal



Asociación de Familias Afectadas pola Diabetes Mellitus Tipo 1

ania

#somostipo1

ESTAMOS PRESENTES EN TODA GALICIA
@AniaGalicia

Contacto:
(+34) 644 971 454
(+34) 644 319 595
anidiagalicia@gmail.com

Contido

Contido.....	3
SAÚDO DA PRESIDENTA.....	7
A ASOCIACIÓN.....	11
PROFESIONALIZACIÓN.....	14
UN PASO ADIANTE PARA O NOSO VOLUNTARIADO.....	15
COLABORACIÓNS.....	17
ÁREA SANIDADE.....	19
Colaboración con Colexios Profesionais.....	21
Outras colaboracións.....	22
FEGADI.....	22
FEDE.....	22
VII CONGRESO DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIABETES.....	22
ÁREA XURÍDICA.....	24
CONVENIOS.....	24
ÁREA EDUCACIÓN.....	25
Convenio con FOANPAS.....	26
Colaboracións coas ANPAS.....	26
PROXECTOS, SERVIZOS E ÁREAS DE ACTUACIÓN.....	27
PROXECTOS.....	28
Proxecto somos tipo 1.....	28
Proxecto. O Camiño de Leo e Elisa.....	32
FORMACIÓNS E DIVULGACIÓN EN DIABETES.....	33
Medrando con diabetes.....	34
ALIMENTACIÓN E DIABETES.....	37
Xornada formativa “O novo en DIABETES”.....	38
Participación na Xornada “Poñendo os lentes no deporte”.....	39
EDUCAR PARA PROTEXER O FUTURO.....	40
VII Congreso AGEF – Reactivando a Atención Primaria.....	41
Formación para o COLEF con Verónica Padín.....	42
PACIENTES EN ACCIÓN. NOVO NORDISK.....	43

Xornada formativa sobre lipodistrofias.....	44
DIABETES EVOLUTION.....	45
DIABETES EXPERIENCE DAY.....	46
8º CONGRESO NACIONAL DE PACIENTES CRÓNICOS SEMERGEN.....	47
DEPORTE E ODS: A importancia do Deporte para a redución da desigualdade no marco da axenda 2030.....	48
ACTIVIDADES EN EDUCACIÓN.....	49
MATERIAIS E CHARLAS FORMATIVAS PARA PERSONAL DOCENTE E NON DOCENTE.....	50
Formacións para cuidadores dependentes da C. de Educación.....	50
Xornadas de inclusión educativa.....	51
ASESORAMENTO NA ELABORACIÓN DOS PLANS INDIVIDUALIZADOS E XESTIÓN NOS COMEDORES.....	52
CHARLAS PARA O ALUMNADO DAS DIFERENTES ETAPAS EDUCATIVAS.....	53
Programa KIDS.....	54
Proxecto BOLECHAS.....	55
Proxecto HISTORIAS AZUIS.....	57
O creador dos Bolechas – Pepe Carreiro visita aos centros educativos polo Día mundial da diabetes.....	58
ACTIVIDADES CULTURAIS.....	59
Exposicións.....	60
Exposición “ Que a diabetes non te pare”.....	60
As exposicións de Os Bolechas.....	62
ACTIVIDADES DEPORTIVAS E DE LECER.....	63
ACTIVIDADES DEPORTIVAS.....	64
I Trail SICENATA PACATA e Andaina “ruta Sicenata Pacata”.....	65
I Carreira Móvete pola diabetes.....	68
IX Milla ANEDIA en Pontevedra.....	70
Taller iniciación á Marcha Nórdica na Coruña.....	72
Deputación de Lugo – Coñece a túa provincia.....	73
Deputación de Pontevedra – En ruta coa DEPO.....	74
OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.....	75

Participación no Día do deporte no COLEF.....	75
Colaboración na andaina de PONTESAN.....	76
Participación en “Os 100kms do Barbanza”	77
Colaboración na Andaina solidaria CIE GALFOR.....	78
CAMPAMENTOS.....	88
Campamento xuvenil.....	89
Campamento Xente Nova.....	90
DIFUSIÓN NOS MEDIOS E REDES	92
ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN.....	96
Día mundial da saúde. Ourense e Pontevedra	96
II Feira de saúde e benestar.....	97
Feira da saúde, PONTESÁN.....	98
DÍA MUNDIAL DA DIABETES 2022.....	99
PREMIOS E MENCIÓNES.....	104
GANADORES I EDICIÓN PREMIOS KIDS 2022.....	104
NOMINACIÓNES PREMIOS FEDE 2022	106
AGRADECEMENTOS.....	107



SAÚDO DA PRESIDENTA

O 2022 foi outro ano intenso de traballo en ANEDIA, seguimos sumando esforzos por e para as nenas e nenos, xente nova e en xeral para todas as familias das persoas con diabetes tipo I.

Todas as semanas xurdían novos retos, que intentábamnos afrontar. Realmente foi un ano moi intenso, no que botamos de menos un pouco de tempo para facer máis actividades. Cada vez xorden novas cuestións ás que atender, e o noso traballo por toda a comunidade autónoma, con presenza nas catro provincias galegas cada día é maior.

Intentamos avanzar no modelo de xestión apostado por unha profesionalización, conseguimos ter unha técnico contratada todo o ano e tratamos de mellorar o traballo en rede, unha aposta que xa é previa á pandemia, pero que agora todas/os valoramos máis e o seu uso é máis común.

Avanzamos no noso programa marco Somos tipo 1 de atención integral ás familias, con programas de asistencia psicolóxica, acompañamento familiar, programas de acollida as novas familias e aumentamos o apoio e asesoramento aos centros educativos. Tratamos de chegar coas nosas actividades a todas as zonas e intentar cubrir as necesidades que presentaban as familias.

Continuamos cos nosos proxectos de base, actividades e servizos; Somos tipo 1, Medrando con diabetes, Proxecto Bolechas, etc, e este 2022 engadimos novas iniciativas e actividades nas que traballar para facer visible a realidade da DT1 como o programa Kids de Sanofi ou a carreira Móvete pola diabetes.

Este ano 2022 volveu a superar as nosas expectativas, cun maior número de actuacións no ámbito educativo, máis formacións para profesorado, coidadores, comedores e alumnado de centros educativos e un incremento considerable de actuacións para a atención e acompañamento ás familias.

E se por algo vai quedar marcado este 2022 na memoria de ANEDIA é pola celebración dos primeiros campamentos para as/os máis cativas/os e xente nova. Todo un reto para nós, pero

que nos fixemos coa maior das ilusións, a mesma ilusións coa que finalizaron o campamento todas/os as/os participantes desexando xa unha segunda edición.



Fomentamos a participación na área de voluntariado e traballamos para cumprir os nosos obxectivos nas áreas de igualdade e dos ODS- Obxectivos de desenvolvemento sostibles-, porque a diabetes está presente en todas as áreas da nosa vida, e do mesmo xeito temos que integrala no noso día a día.

Por desgraza os debuts continúan por toda Galicia, e seguen chegando familias a ANEDIA, e aquí queremos poñer de relevancia o feito da chegada á asociación de persoas adultas con diabetes de longo percorrido, que agardamos que se sintan moi a gusto na nosa comunidade.

O crecemento de familias en ANEDIA continua a medrar superando os 400 socios/beneficiarios a finais de ano e cerca das 10.000 persoas de beneficiarios indirectos (familiares, profesionais sanitarios, profesionais educativos, alumnado, público en xeral)

ANO	Nº SOCIOS
2014	66
2015	82
2016	109
2017	129
2018	144
2019	198
2020	287
2021	310
2022	411
DECEMBRO 2022	450

Somos conscientes de que non alcanzamos todos os obxectivos que nos marcamos, pero o esforzo foi moi grande a nivel de implicación profesional e persoal para toda a directiva, traballadores e voluntarios.

Coma sempre, son moitos os proxectos que quedan no caixón, por falta de tempo, ou orzamento, pero sen dúbida seguiremos traballando por acadalos e melloralos.

Un reto importante neste vindeiro ano 2023 é conseguir máis persoal para que ANEDIA avance no camiño da profesionalización, de cara a garantir un servizo de calidade que as nosas/os socias/os precisan e demandan, e porque cada vez a carga de traballo, con novas necesidades e retos a asumir aumenta e moitas actuacións e tarefas non poden ser asumidas de xeito íntegro polas persoas voluntarias.

O que mostramos nesta memoria é o traballo visible, porque o traballo que realizamos en ANEDIA, e como a diabetes, ten unha parte invisible que implica moita dedicación, persistencia e asunción de novos retos, coa axuda ás familias, ás persoas con diabetes, colaboración cos profesionais, nos centros educativos, coas administracións

E isto non sería posible sen todas e cada unha das compañeiras da directiva, sacar tempo para adicalo a ANEDIA non é doado, pero logramos sacar forzas e tempo para poder avanzar nos proxectos na medida das nosas posibilidades.

Para rematar, quero agradecer a cada unha/un das/os socias/os, ás diferentes administracións públicas, empresas colaboradoras e ás persoas voluntarias que fixeron posible a meirande parte das actividades que se reflicten nesta memoria, e son unha parte fundamental para que ANEDIA continúe medrando e poida seguir traballando, acadando logros e asumindo novos retos.

María J. Rego Lojo

Presidenta de ANEDIA

A ASOCIACIÓN

ANEDIA nace como asociación en Pontevedra no ano 2013 froito da inqueda de varias familias con nenos e nenas con diabetes tipo 1 que atopan un montón de problemas a nivel educativo e sanitario non resoltos e sen vías polas que facelo.








O movemento asociativo é fundamental para canalizar este tipo de demandas, formando parte do tecido social e comeza a súa andadura xa cun ámbito autonómico, porque moitos dos problemas que se están a sufrir teñen unha solución de ámbito galego e desa forma comeza a traballar, buscando que as solucións cheguen á familias de toda Galicia.

No 2018-2019 prodúcese un cambio de estatutos onde se crea unha sección xuvenil para dar voz á xente nova cos 18 anos cumpridos, e acorde co decidido en asemblea amplíase ata os 29 anos. Este cambio xurde da demanda feita polos membros da nosa asociación que van medrando.






A finais de novembro de 2021, nunha asemblea extraordinaria modificamos novamente os estatutos para eliminar a idade tope das/os socias/os, creando unha sección adulta, a partir dos 30 anos.

Unha modificación necesaria para darlle resposta aos adultos con diabetes tipo 1 que chegan a ANEDIA, e que ata o de agora só podían ser socias/os colaboradoras/es. No momento da creación da sección adulta, a finais de novembro, superaba xa os 30 participantes.

Con este cambio de estatutos os fins de ANEDIA, quedan resumidos do seguinte xeito:

-  Asesorar e proporcionar axuda social, sanitaria, psíquica, física, laboral, legal, terapéutica e asistencia buscando a integración total desde colectivo.
-  Facilitar o benestar social a tódalas persoas con Diabetes Tipo I
-  Colaborar na realización de estudos de carácter educativo, social, xurídico, psicolóxico, epidemiolóxico, ou outros
-  Reivindicar a asistencia médica, especializada e multidisciplinar para tódalas persoas con Diabetes Tipo I.
-  Instar á Administración Sanitaria e á Administración Educativa para que proporcione tódolos medios necesarios para o autocoidado da diabetes.
-  Defender os dereitos das persoas con Diabetes Tipo I có fin de conseguir a súa plena integración escolar, social e laboral.
-  Promover, crear e organizar accións sociais, sanitarias, educativas, informativas, de concienciación, divulgación, etc... a través de proxectos de sensibilización e normalización para a sociedade e as institucións.

A día de hoxe ANEDIA como asociación ten as seguintes características:

 ASOCIACIÓN DE ÁMBITO AUTONÓMICO GALEGO	 ASOCIACIÓN INSCRITA NO RUESPP.	 ASOCIACIÓN INSCRITA NO REXISTRO DE ACCIÓN VOLUNTARIA DA XUNTA DE GALICIA.
 ASOCIACIÓN INSCRITA NO CENSO DE ENTIDADES XUVENÍS E ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS Á XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA.	 FORMA PARTE DE FEGADI. FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CON DIABETES DE GALICIA.	 FORMA PARTE DE FEDE, FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIABETES.



Medrando con diabetes. Santiago de Compostela.

PROFESIONALIZACIÓN

ANEDIA realiza o seu traballo practicamente só con persoas voluntarias, incluíndo aos integrantes da directiva e unha traballadora a tempo parcial, pero somos conscientes da necesidade de profesionalización dado o volume de actividades e tamén na necesidade dunha atención de calidade ás persoas asociadas.

No 2022 conseguimos ter unha técnica contratada durante todo o ano, que realizou numerosas accións formativas e tamén de apoio aos socios. E tivemos unha colaboración co gabinete DEVA para apoio psicolóxico dentro do noso programa Somos tipo 1.

Por parte da directiva tamén existe unha forte vontade de mellora e por iso se realizaron varios cursos de formación.

Varias persoas da directiva e persoas voluntarias participaron en diferentes congresos relacionados coa sanidade e coordinados por distintas organizacións profesionais. Aquí tamén queremos facer fincapé no alto número de persoas voluntarias procedentes do ámbito sanitario e educativo cos que contamos.



Participación na xornada de AGEFEC

UN PASO ADIANTE PARA O NOSO

VOLUNTARIADO

Dende Abril de 2022 realizouse a inscrición no Rexistro de Entidades Voluntarias de Galicia, asignándonos o número O-974. Este novo paso nos proporcionará varios beneficios a medio prazo.

Por unha banda ao rexistrarse como entidade de voluntariado, ANEDIA é recoñecida oficialmente pola Xunta de Galicia como unha organización sen fins de lucro que realiza actividades de voluntariado. Isto pode axudarnos a aumentar a nosa reputación entre as persoas voluntarias e ofrecerlles maiores apoios.

Un punto moi importante é o acceso a financiamentos específicos para entidades de voluntariado rexistradas, especialmente para certas subvencións ou doazóns.

Un dos grandes retos de cara o vindeiro ano comezou co rexistro como entidade voluntaria, xa que permítenos abrir o camiño para a realización e participación en programas de formación e capacitación para entidades de voluntariado e para persoas voluntarias, o que pode axudar a mellorar as habilidades de ANEDIA no recrutamento e a xestión das/os nosas/os voluntarias/os, así como na planificación e execución de proxectos de voluntariado. E en especial a profesionalización das persoas voluntarias que realizan a súa labor connosco.

Un dos nosos voluntarios participou no programa formativo “Axente educativo en diabetes” organizado por FEDE e impartido por *eSalúdate*, que busca formar a persoas con diabetes para poder actuar como *Axentes Educativos* con iguais.


Dentro dos seus contidos atopamos:

- ✓ Adquirir competencias sobre autocoidados en diabetes
- ✓ Aprender dinámicas de grupos
- ✓ Adquirir coñecementos en habilidades sociais para realizar unha sesión en grupo e /o charlas.
- ✓ Capacitar para promover actitudes proactivas e de motivación
- ✓ Aplicar os coñecementos e habilidades adquiridos
- ✓ Coñecer recursos dixitais fiables relacionados coa diabetes

Este voluntario participou despois no campamento de Xente nova organizado por ANEDIA na Illa de Ons, onde puxo en práctica os coñecementos adquiridos.



COLABORACIÓNS



Coas administracións

Moitas das nosas actividades non se poderían levar a cabo sen a implicación e colaboración das entidades públicas.

Por unha banda existe unha colaboración coas entidades de ámbito sanitario como son a Consellería de Sanidade e as distintas áreas sanitarias. O contacto coa Consellería de Educación tamén é continuo porque existe moito traballo conxunto que se realiza en todas provincias.

E por outra banda as deputacións e os concellos son os máis próximos ás familias, polo que o contacto con moitos de eles é directo e continuo.

Aparte de para actividades concretas, en varios concellos, como ven sendo habitual nos últimos anos, deseñamos unha campaña específica para o *Día mundial da Diabetes* dirixida a eles, facilitándolle a súa participación mediante a cesión de materiais gráficos xa deseñados por ANEDIA que se puxeron á súa disposición.

Aínda que colaboramos con concellos das catro provincias e coas deputacións, salienta que aínda que esta colaboración é moi importante, segue a ser moi escasa e con unha implicación baixa por parte de moitas administracións públicas.

As políticas sanitarias e sociais non están á altura das demandas das persoas con diabetes e as súas familias. E non son poucos os servizos sociais dos concellos e do SERGAS que demandan a nosa colaboración. Polo que se precisa aínda moito traballo para mellorar a situación.

En ANEDIA pensamos que é o camiño que debemos seguir para acercar a realidade da diabetes a toda a sociedade e que as políticas públicas teñan en conta as nosas necesidades.



Medrando con diabetes – Santiago de Compostela

ÁREA SANIDADE

Para lograr a mellora constante e continua na atención sanitaria das persoas do noso colectivo, dende ANEDIA, traballamos de forma conxunta e coordinada coa administración e os profesionais sanitarios. Mantendo reunións coas xerencias e cos diferentes profesionais sanitarios.

ANEDIA está presente no Consello Asesor de Pacientes de Galicia e tamén nos Consellos Asesores de área de 6 das 7 áreas sanitarias:



Asistindo ás reunións que periodicamente se convocan, e intentando aportar a visión dos pacientes con diabetes tipo 1, ao mesmo tempo que se reclama a mellora na atención, naqueles aspectos onde se precisa.

Tamén forma parte do Consello Asesor de Hospital Ribera - Povisa en Vigo, dende a súa creación no 2021.

A maiores das reunións propiamente ditas dos consellos asesores, tamén participamos en actividades convocadas polos hospitais, sobre distintos temas. Neste 2022, Montecelo e o CHUAC atópanse en obras, polo que asistimos as presentacións de ambos proxectos.


Tamén participamos en distintas actividades convocadas polas áreas sanitarias, porque estamos convencidas de que a participación é vital para o noso proxecto.

Algunhas das convocatorias nas que participaron foron:

- O 21 de marzo acudimos a presentación do proxecto arquitectónico do *novo hospital* de A Coruña asiste Julio García Comesaña conselleiro de Sanidade e representado a ANEDIA, M.Portal Blanco Puga.
- O 25 de marzo participamos nunha reunión de traballo organizada pola Consellería de Sanidade para a elaboración do Plan obesidade zero de Galicia
- O 5 de abril asistimos a “El camino de la humanización”. :Dende o CHUS convidáronnos a participar da actividade organizada polo Servizo de Pediatría del Hospital Clínico Universitario de Santiago, acreditada para profesionais sanitarios e persoal vencellado a centros sanitarios. Dirixida a asociacións, pacientes, familiares, etc.
- O 22 de abril asistimos a presentación da ampliación do Hospital Clínico Universitario de Santiago.Acudimos ao acto celebrado na Aula Magna do Edificio Docente Roberto Novoa Santos. Asisten o Concelleiro de Sanidade e a Xerente da Área.
- O 25 de abril participamos no X Congreso de Calidade e Seguridade de SOGALCA. que celebrouse no salón de Actos do Hospital Universitario de A Coruña.
- Concurso de decoración de Nadal da área sanitaria de Ourense.
- O 4 de novembro fomos convidadas ao XXV Aniversario Hospital do Barbanza.

Colaboración con Colexios Profesionais

Durante o 2022 abrimos varias vías de colaboración con varios colexios profesionais implicados no campo da diabetes como son:



Outras colaboracións

ANEDIA forma parte da Federación Galega de Asociacións de persoas con Diabetes FEGADI e tamén da Federación española de diabetes, FEDE.

FEGADI

ANEDIA forma parte da Federación Galega de Asociacións de Persoas con diabetes, e como membro desta organización asiste a diversas reunións de traballo, así como as reunións da propia FEGADI.

FEDE

Durante o 2022, tamén participamos nas actividades propostas dende a federación nacional, e participamos en varias iniciativas. No mes de Outubro participamos no VII Congreso de FEDE.

VII CONGRESO DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DIABETES

O congreso nacional da Federación Española de Diabetes (FEDE) 2022 celebrouse o domingo 16 de outubro no CaixaForum de Madrid, baixo o lema « Propoñendo en presente e traballando a futuro »,

A esta edición 2022 asistimos ao congreso tres membros de Anedia, Elisa López, Carolina Estival e María del Portal Blanco.

Previamente á celebración do congreso, o sábado 15 asistimos a un Focus Group sobre puntos de inserción, técnicas de inserción de BD, tipos de agullas, etc...; moderado por Adrián Más, e ao remate asistimos a un cea oficial onde tivemos a oportunidade de intercambiar impresións e experiencias con compañeiros/os de outras entidades e profesionais que traballan coa diabetes.

O congreso sempre é unha boa oportunidade para unir esforzos e interactuar directamente con outras asociacións e así darnos a coñecer para futuras colaboracións. Ademais este ano ampliáronse os espazos dedicados á interacción e participación das/os asistentes.

Despois da benvida xeral a todas as persoas e entidades asistentes, tiveron lugar na primeira parte da mañá tres mesas de debate. A primeira trataba sobre o acceso real aos avances en diabetes. A segunda sobre o custo da diabetes en España e a derradeira do cambio de paradigma do abordaxe glicocéntrico ao tratamento persoalizado. Á súa finalización deu paso a un descanso que nos abriría as portas á segunda parte do día a realización dos obradoiros formativos

A segunda parte da tarde asistimos a entrega de premios FEDE, no que destacamos que Anedia quedou finalista no Premio Mercedes Benito co proxecto caderno de actividades sobre diabetes tipo 1 do noso proxecto Bolechas, que presentouse ao público grazas a unha recreación audiovisual. Despois da entrega deron paso ás conclusións, á posta en común da xornada e o peche desta última edición.



ÁREA XURÍDICA

CONVENIOS

Durante este ano, ANEDIA mantivo o convenio de colaboración que se asinou no ano 2020 con D. Javier Sanhonorato Vázquez, avogado madrileño con diabetes tipo 1 dende neno e cunha especialización nos temas de diabetes, que leva defendendo dende fai moitos anos, e sendo tamén membro da SED (Sociedad Española de Diabetes).







Dentro deste convenio están incluídas as consultas para as familias socias, que cada ano son máis. A destacar que este ano tivemos máis problemas dos habituais coa prestación por coidado de filla/o enferma/o con enfermidade grave (CUME) polo que foi preciso realizar un estudo sobre a situación, que remitimos ás federacións das que formamos parte para intentar solucionar este tema.

ÁREA EDUCACIÓN

ANEDIA ten asinado un convenio ca Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades, dende o 14 de febreiro de 2018 que se revisa de xeito anual e nos permite participar de xeito activo en actividades ca consellería, e asistir ás reunións que se convocan entre a Consellería de Educación e as entidades con convenio.

No 2022 procedemos á renovación deste convenio tan necesario para ambas entidades. E o número de formacións e colaboracións cos centros educativos continuou medrando.

Os docentes cada vez teñen máis interese por aprender e saber resolver as cuestións que aparecen na aula no día a día cunha/cun nena/o con diabetes tipo 1, a maiores de que cada vez son máis numerosos os centros con alumnado con diabetes. Continuamos coa oferta de formacións online ou ben presenciais, sempre adaptándonos ao que o centro precisase. Temos a disposición dos centros educativos a posibilidade de realizar:

-  **Charlas formativas para persoal docente e non docente.**
-  **Asesoramento na elaboración de plans individualizados.**
-  **Xestión da diabetes nos comedores escolares.**
-  **Materiais para o traballo da diabetes na aula.**

Máis de **40 formacións** para profesorado en centros educativos de todas as etapas nas 4 provincias galegas neste 2022 avalan o noso traballo nas aulas.

Fixemos máis de **100 intervencións**, de cara a mellora continua e constante da calidade de vida das familias, así como tamén resolvemos problemáticas xurdidas en comedores escolares.

Asistimos a todas das convocatorias que recibimos dende Educación, como exemplo o 12 de maio asistimos a “Estratexia galega de convivencia escolar 2025”.



Convenio con FOANPAS.

No 2021 asinamos un convenio de colaboración coa Federación olívica de ANPAS, FOANPAS, mediante o cal se garante a atención de todas/os as/os usuarias/os de comedores escolares da súa rede, durante as horas do servizo. Os pregos do concurso de concesión de comedores da área de Vigo integrados en FOANPAS para os cursos 2021/2022 e 2022/2023, xa recollen dito convenio.

Colaboracións coas ANPAS

As ANPAS son outro do punto forte co que debemos colaborar, e o facemos sempre que se nos pide.


Como exemplo de colaboración neste eido, este ano acudimos de novo ás Xornadas de Igualdade da ANPA Ventín.

PROXECTOS, SERVIZOS E ÁREAS DE ACTUACIÓN

A infografía que se presenta a continuación, amosa a organización de ANEDIA segundo as áreas de actuación da nosa asociación. A estas áreas adscribíense os diferentes proxectos desenvolvidos pola entidade ou en colaboración con outras entidades e administracións e tamén se organizan en base a estas áreas, os diferentes servizos e actividades levadas a cabo no día a día da nosa comunidade DT1.



PROXECTOS



Proxecto somos tipo 1.

Somos tipo 1, é un programa de acompañamento ás familias e de atención xeral e integral aos pacientes con diabetes tipo 1.

A diabetes tipo 1 afecta a persoas de todas as idades e que ten un impacto significativo na calidade de vida das persoas con esta doenza e as súas familias, afectando a todas as áreas das súas vidas. É por iso que se fai necesaria a implementación de proxectos que aborden a diabetes Mellitus tipo 1 de maneira integral, tomando en conta as necesidades das/os

beneficiarias/os e as súas familias. Involucrando a profesionais de diferentes áreas, como médicos, psicólogos, nutricionistas, adestradores deportivos, entre outros.

Deseñamos este programa de acompañamento familiar, para a súa implementación en toda Galicia. Na actualidade está a levarse a cabo na Provincia de Pontevedra e no Concello de A Coruña, xa que noutras áreas non temos financiación para implementalo.


No 2022 o noso obxectivo foi acometer unha atención integral ás familias que conviven coa diabetes, centrada no paciente, pero atendendo a todos os membros da unidade familiar, xa que a diabetes vívese en familia.

Polo que os ámbitos deste programa abarcaron as seguintes áreas:

CATÁLOGO DE SERVICIOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA 2022

ÁREA ACTUACIÓN	SERVIZOS	DESTINATARIAS/OS
PSICOLOXÍA	<ul style="list-style-type: none"> • Atención e acompañamento a debuts diabéticos. • Sesións individuais e grupais de apoio psicolóxico e emocional. • Colaboracións cos equipos sanitarios nos protocolos e plans de atención á diabetes. • Relacións coa Consellería de Sanidade. 	Persoas con diabetes tipo 1 e familiares.
FORMACIÓN E DIVULGACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Accións formativas en Diabetes. • Actividades de divulgación: obradoiros, charlas e formacións. • Actividades grupais. • Educación terapéutica, formación en autocoidado, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Centros escolares • Persoas con DT1 e familiares • Institucións • Público xeral
ÁREA SOCIAL	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades e campañas de concienciación. • Actividades de lecer. • Actividades deportivas. • Participación e celebración de eventos, congresos, reunións interinstitucionais, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Centros escolares • Persoas con DT1 e familiares • Institucións • Público xeral
EQUILÍBRATE	<ul style="list-style-type: none"> • Coach nutricional e deportivo. • Actividades deportivas. • Asesoramento familias. 	Persoas con diabetes tipo 1 e familiares.
ÁREA XURÍDICA	Consultoría e asesoría xurídica.	Persoas con diabetes tipo 1 e familiares.

PRIORIDADES DEL PROGRAMA SOMOS TIPO 1 2022



Este programa contou con varios tipos de actuacións:

Actividades en grupo abertas, dirixido a todas as persoas con diabetes tipo 1 da Provincia de Pontevedra e o Concello de A Coruña e as súas familias e con posibilidade de asistencia do público en xeral. E actividades en grupos reducidos e sesións individuais coas persoas asociadas de ANEDIA nestas áreas territoriais nas que contamos coa subvención. Un terceiro tipo de actividades que sería as realizadas en centros educativos destas dúas áreas.

As actividades da programación deste proxecto xeral que desenvolve ANEDIA podemos velas ao longo desta memoria, xa que este é un proxecto que vertebra aos servizos e actividades da asociación e se complementa con outros proxectos máis específicos de áreas concretas como xuventude, voluntariado, educación, etc...

Neste 2022 realizamos máis de 30 charlas formativas en centros educativos dos que 20 foron na provincia de Pontevedra. Participamos en varios congresos profesionais de nivel galego organizados na Provincia de Pontevedra.

Para levar a cabo este programa contratamos a unha psicóloga de xeito temporal, María Comillas de la Vega, que realizou formacións en grupo, e tamén unha atención personalizada a aquelas familias que o solicitaron.

Dentro deste programa tamén tivemos charlas e actividades variadas relacionadas coa diabetes. Realizamos colaboracións con varios colexios profesionais. Levamos a cabo un campamento na Illa de Ons para xóvenes de 18 a 30 con diabetes. Este 2022 decidimos realizar o noso primeiro campamento para rapaces entre 12 e 17 anos na provincia da Coruña en concreto no Concello de Outes.

E finalmente actividades de divulgación, que nos serven para chegar ao público en xeral, para que coñeza un pouco máis sobre a diabetes. Co número actual de pacientes con algún tipo de diabetes é practicamente imposible atopar a alguén que non teña no seu círculo máis próximo familiar e/ou no seu círculo social algunha persoa con diabetes. Polo que a maiores das persoas socias, temos que contar tamén ao resto dos membros das unidades familiares, xa que os beneficiarios directos conviven nun núcleo familiar e social (colexio, veciñanza, amigos etc ...), que implicará unha mellora en toda a súa contorna.

Todas estas actividades suman máis de 10.000 persoas alcanzadas cun impacto directo, e máis de 50.000 nun alcance indirecto.

Grazas a este proxecto podemos ir sumando moitos camiños azuis que son imprescindibles e nos que levamos tempo traballando.

A presenza na cidade de A Coruña, onde levouse a cabo coa axuda da Consellería de Benestar Social, á que lle queremos agradecer a súa implicación.

E tamén agradecer á Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra por confiar en nós un ano máis para seguir traballando neste proxecto.

Proxecto. O Camiño de Leo e Elisa

Este proxecto está financiado pola Deputación de A Coruña. É un proxecto que quere recordar a Leo e Elisa que morreron por esta doenza antes do descubrimento da insulina actual. Con este proxecto queremos lembrar o acontecido a Leo e Lisa, e as súas familias, pioneiras da nosa realidade. A mochila coa que carga a persoa con diabetes tipo 1 dende o seu debut diabético énchese, ás veces, de “obxectos” moi pesados como: rexeitamento, medo, incomprensión, regras ríxidas, asunción prematura de responsabilidades, constante toma de decisións...

Este proxecto conxuga o respecto pola integración na aula co aprendizaxe e a comprensión dunha doenza crónica, a diabetes tipo 1, de cara a normalizar o día a día destas nenas, nenos e a nosa xente nova.

Na programación do 2022 para a provincia de A Coruña se encadran actividades nos centros educativos coas Historias azuis, elaboración de libros didácticos e materiais didácticos co que se fixo realidade a edición en galego dun novo libro dos Bolechas e outras actividades máis puntuais.

FORMACIÓNS E DIVULGACIÓN EN DIABETES

No área de Benestar social traballamos para atender ás familias, dende o acompañamento familiar, ao apoio emocional ou a prestación de asesoramento xurídico `pero tamén na visibilización destas actuacións xa que é importante para avogar por cambios nas políticas e programas sociais relacionados coa diabetes tipo 1. Ao aumentar a conciencia pública sobre esta doenza e os seus desafíos, os dereitos das persoas que a padecen e os seus familiares pódese xerar presións para mellorar o acceso á atención médica, os medicamentos, aos dispositivos necesarios para a xestión da diabetes tipo 1, aos permisos para os coidados dos menores con esta doenza crónica, etc. Ademais, visibilizar e demandar apoio para as necesidades crecentes das persoas con DT1 e os seus familiares pode axudar a impulsar a investigación e o desenvolvemento de novas terapias e tecnoloxías.

En ANEDIA a educación e a formación son unha das súas áreas de actuación prioritarias xa que ambas son vitais para as persoas con diabetes tipo 1, xa que lles permiten comprender e xestionar a súa condición de maneira efectiva, prever complicacións e recibir apoio emocional. Os nosos recursos e programas educativos permiten no só o coñecemento sobre a DT1 senón que son unha ferramenta principal para a xestión do autocoidado e para aumentar a visibilidade ao compartir información precisa sobre a diabetes tipo 1, xa que contribúese a desafiar os estereotipos e a fomentar unha comprensión máis completa desta doenza.

Dentro das actividades formativas intentamos cubrir a educación en diabetes, a parte psicolóxica, pero tamén inda que sexa de xeito transversal sempre estará presente a tecnoloxía aplicada á diabetes.

Medrando con diabetes

Medrando con diabetes é a nosa xornada anual de charlas formativas en colaboración con especialistas e sanitarios, para a formación, divulgación e sensibilización da diabetes tipo 1 entre a poboación da comunidade galega. Este ano 2022 celebrouse o IV Medrando con diabetes en Santiago de Compostela.



PROGRAMA

10:00 INAUGURACIÓN

TESTIMONIOS. Una vida con diabetes

Rosa Vidal Álvarez. Paciente

PEDIATRÍA. Vivir con diabetes tipo 1 en familia.

Marian Rodríguez Blanco. Pediatra en el Hospital da Barbanza

Gemma Novoa Gómez. Pediatra en el Complejo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO)

ENDOCRINOLOGÍA. Autogestión de la diabetes en personas adultas.

Antía Fernández Pombo. Endocrina en el C. Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)

11:45 PAUSA (30 minutos)

ENFERMERÍA. Educación en diabetes, una necesidad real?

María José Menor Rodríguez. Educadora Terapéutica en diabetes en el servicio de Endocrinología do Complejo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO)

TECNOLOGÍA. Tecnología a disposición del paciente, presente y futuro.

Susana Feáns Ponte. Autora de republikadiabetes.com

MESA DEBATE. La diabetes en el sistema sanitario.

Moderadora: Beatriz Pais Iglesias. Subdirectora de Calidad Asistencial, Humanización y Atención al Paciente. Area Sanitaria de Santiago de Compostela y Barbanza

Ponentes:

Teresa Martínez Ramonde. Jefa del Servicio de Endocrinología del CHUAC

M. José Menor Rodríguez. Educadora en el servicio de Endocrinología del CHUO

Rosa Vidal Álvarez. Paciente

Susana Feáns. Autora de republikadiabetes.com

M. Rego Lojo. Presidenta de ANEDIA

13.45. Cierre de la jornada

A programación comprende, charlas formativas, relatorios, parladoiros, actividades infantís, actividades de lecer, etc.

Esta nova xornada do Medrando en xuño foi inaugurada polo Conselleiro de Sanidade , Julio García Comesaña, a subdirectora de Calidade da Área de Santiago- Barbanza Beatriz País, o Xefe de Endocrinoloxía do CHUS Miguel Ángel Martínez Alonso e María José Rego a nosa presidenta de Anedia.

A programación desta xornada contemplou historias reais, ponencias, charlas, e mesas redondas onde entre toda a comunidade Anedia e os profesionais médicos puxemos de relevo moitos aspectos do día a día na xestión da diabetes tipo 1. Ademais os máis cativos tiveron unha xornada deportiva co **rugby** como protagonista.

Iria, a nosa vogal de Anedia de Xente Nova contounos unha breve historia, a historia da súa vida, que é a vida de Anedia, así como medrou ela, medrou Anedia.



Despois escoitamos, “Una vida con diabetes” con Rosa Vidal e Alejandra Valiñas. Emoción e pelos de punta, son as palabras que describiron a charla. Rosa trasladounos a os anos 80, sen toda a información e tratamentos que temos agora,40 anos con diabetes cos bos e malos momentos.



En ANEDIA, podemos sentirnos satisfeitas/os de moitas cousas, unha de elas é da excelente relación cos equipos médicos e profesionais sanitarios. Mostra disto, son as ponencias de Gemma Novoa, endocrina pediátrica do CHUO e Marián Rodríguez Blanco Xefa de Pediatría e pediatra diabetolóxica do Hospital do Barbanza. Ambas falaron da diabetes en idade pediátrica e na adolescencia.

Antía Fernández Pombo endocrina do CHUS falounos do paso de Pediatría a adultos algo tan importante e fundamental para todos: equipos médicos, pacientes e familias.

María José Menor, Educadora en diabetes no CHUO, deunos a visión dunha educadora en diabetes de adultos e adolescentes, a parte asistencial, a parte emocional, a parte de xestión, etc.

Susana Feáns forma xunto con Rosa Vidal e outra compañeira o blogue @Republikadiabetes onde construíron “a súa familia, a que elas escollen”.

Sempre nos manteñen ao día en tecnoloxía e falounos do Congreso celebrado en Barcelona sobre diabetes e tecnoloxía.

Pechamos a xornada cunha mesa debate sobre os diferentes puntos de vista de pacientes, asociación e persoal sanitario que interviron Teresa Martínez, Xefa de endocrinoloxía do CHUAC, María José Menor, Rosa Vidal, Susana Feáns e María José Rego, Presidenta de Anedia, moderada por Beatriz País.

Mentres os máis cativos gozaron de unha xornada de iniciación ao Rugby grazas a Concellería de Deportes de Santiago de Compostela e a Asociación Valentes - Club deportivo Lobos.

ALIMENTACIÓN E DIABETES

No mes de Outubro, realizamos unha actividade en colaboración coas enfermeiras de diabetes da área de Pontevedra, que asistiron como voluntarias a esta actividade.

Contamos coa colaboración de CRISTINA PÉREZ GIL, Enfermeira Supervisora de Dietética e educadora terapéutica en diabetes, CARMEN LÓPEZ CONDE e ALINA MARÍA BENA RUS, educadoras en diabetes no servizo de adultos de Montecelo.

Unha actividade que se enmarcou no programa A VIDA É MOVERNOS da Concellería de Deporte e Saúde do Concello de Pontevedra, e en PROPONTE da Concellería de Benestar Social.



Taller gratuito. Inscripcións en anediagalicia@gmail.com.
Máis información nos teléfonos 644 31 95 95 // 644 97 14 54



Concello
de Pontevedra
Concellería
Deportes
e Saúde



Concello
de Pontevedra
Concellería
Benestar social



Xornada formativa “O novo en DIABETES”

Unha xornada de formación que da conta das actualizacións en diabetes nas distintas guías. Organizada por FEPASGAL e Novo Nordisk que tivo lugar no Hotel Louxo de A Toxa.

Nela a nosa presidenta foi poñente na mesa de Tecnoloxía en Control de Diabetes e Visión do Paciente xunto con Inés Seoane Cruz, endócrina do CHUO.



Nesta xornada falouse da importancia e o papel fundamental da atención primaria, no que fixo fincapé Daniel Rey Aldama, médico de no C.S. da Estrada e presidente de SEMERGEN Galicia.

Alfonso Soto endocrino do CHUAC, fixo fincapé en que non nos podemos conformar ca situación actual. Salientamos tamén as aportacións do cardiólogo Oscar Díaz Castro do H. Álvaro Cunqueiro sobre a gran importancia da área cardiovascular no paciente con diabetes.

Participación na Xornada “Poñendo os lentes no deporte”

O 3 de outubro estivemos na Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte de Pontevedra co alumnado da materia de Actividade Física e Diversidade para falar de diabetes e dos protocolos a seguir no deporte e actividade física para as persoas con diabetes.

Dende Anedia apostamos pola sensibilización dos futuros profesionais da educación e do deporte, para seguir sumando. Un aposta forte e decidida da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra Oficial, á que agradecemos esta oportunidade. Unha oportunidade que compartimos con outras entidades do terceiro sector, entidades compañeiras de accións e de traballos.



Facultade de
CC. da Educación e do Deporte
Universidade de Vigo

Ciclo de presentacións
Asociacións de persoas con diversidade de Galicia
Salón de Actos

Organiza:
Actividade Física e Diversidade en Educación Infantil e Primaria

03/10/2022 
17:00-18:00 h
*Atención ás persoas con Diabete Tipo 1 na educación e
actividade físico deportiva*


10/10/2022 
17:00-18:00 h
*Atención ás persoas con Diversidade Sensorial na educación
e a actividade físico deportiva*

17/10/2022 
16:00-18:00 h
*Atención ao abuso infantil na educación e
e actividade físico-deportiva.* 
Programa “Poñendo os lentes no deporte”

EDUCAR PARA PROTEXER O FUTURO

As nosas familias de Ourense o celebraron o 19 de novembro cun taller de xestión emocional con Luz D. psicóloga e especialista en educación emocional e María José Menor, enfermeira e educadora en diabetes. Ambas aportaron a súas experiencias no persoal e no profesional que nos axudaron a que saíran sentimentos, pensamentos. A iniciativa xurdiu nunha reunión previa con tres nais que non podían disimular as bágoas cando lles preguntaron: e vós cando pensades coidarvos?

Un taller fundamental para todas/os, coidarnos para coidar.



EDUCAR PARA PROTEXER O FUTURO

Taller de xestión emocional para coidadores de nenos, nenos e xente nova con diabetes tipo 1

Sábado 19 de Novembro, de 11 as 13 h.
Salón de actos do Colexio de enfermería de Ourense
Rúa Vila Valencia, 18, Baixo



Inscripcións no correo anediagalicia@gmail.com
Teléfonos: 644 97 14 54 // 644 31 95 95



ORGANIZACIÓN COLEGIAL
ENFERMERÍA OURENSE

!imagen de <a href="https://www.freepik.es/foto-gratis/composicion-emo-
cion-feliz_12558305.htm#page=4&query=iconos%20gesti%C3%B3n%20emociones&position=38&from_view=search&track=ais"> Freepik

VII Congreso AGEF – Reactivando a Atención Primaria.


A Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria invitounos a participar no seu VII Congreso no mes de novembro en Pontevedra.

Pacientes con diabetes, pacientes empoderados foi o relatorio que fixo a presidenta de Anedia neste congreso.



Formación para o COLEF con Verónica Padín

Verónica Padín é pediatra diabetolóxica no HULA (Hospital Universitario Lucus Augusti). O 10 de Maio ás 18:30 tivo lugar unha formación en liña a cargo desta profesional, promovida dende ANEDIA e o COLEF (Colexio de Licenciados en Educación Física e Deportiva). Este webinar tivo como tema central a “Atención á xente nova con diabetes tipo 1: novidades e utilización de medicinas de rescate no contexto educativo e deportivo. As persoas destinatarias da mesma, foron os docentes de Educación Física que tiñan necesidades formativas para realizar unha mellora na atención ao alumnado con diabetes tipo 1 do seu centro.



The graphic is a promotional poster for a webinar. At the top left is the ANEDIA logo with the text 'Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia'. At the top right is the COLEF Galicia logo. In the center, a light blue box contains the title 'Atención a xente nova con diabetes tipo 1: novidades e utilización de medicinas de rescate no contexto educativo e deportivo' under the heading 'WEBINARIO'. To the left, a yellow sticky note says '10 MAIO 18:30H'. Below that, a yellow box says 'INSCRÍBETE ATA O 6 DE MAIO'. In the bottom center, a location pin icon is next to the text 'A cargo de: D^a. Verónica Padín, Pediatra Diabetolóxica, Complejo Hospitalario de Lugo'. On the right, there is a portrait of Verónica Padín, a smiling woman with dark hair wearing a white top.

PACIENTES EN ACCIÓN. NOVO NORDISK.

O 11 de Febreiro acudimos a o evento PACIENTES EN ACCIÓN organizado por Novo Nordisk en Madrid.

Carolina Estival estivo representando a ANEDIA nunha xornada na que se falou de moitos temas importantes para nós, pero sobre todo da importancia da participación dos pacientes no sistema sanitario e da humanización dos proceso, así como da innovación en saúde.


A maiores de seguir aprendendo este tipo de eventos nos facilita o contacto directo con outras asociacións de pacientes.



Xornada formativa sobre lipodistrofias.

O 20 de outubro asistimos a un obradoiro en Santiago organizado por RBD , Embecta, empresa farmacéutica. como convidadas nunha xornada formativa sobre o uso do ecógrafo para detectar lipodistrofias.


Nesta xornada coincidimos con todas as enfermeiras participantes na importancia da detección temperá destas lipodistrofias, e da necesidade de revisar en consulta a súa aparición.



DIABETES EVOLUTION

O Diabetes Evolution é un evento organizado polo servizo de Endocrinoloxía e Nutrición do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña en colaboración coa Sociedade Galega de Endocrinoloxía e Nutrición. Esta última edición tivo lugar en A Coruña organizado por Teresa Martínez Ramonde, un evento obrigado no noso calendario, e alí estiveron as familias de ANEDIA para aprender e compartir dos talleres, charlas, mesas redondas, investigación, actividades para nenas/os, etc.

A cada edición acoden profesionais de distintas partes do país e do mundo, para dar a súa visión sobre a diabetes e así conseguir un obxectivo común: informar para mellorar o noso día a día.



DIABETES EXPERIENCE DAY



O 21 de maio en Alacante tivo lugar unha nova edición presencial do Diabetes Experience Day, un dos eventos máis importantes de persoas con diabetes. Esta xornada divulgativa e formativa sobre a diabetes reuniu a pacientes, sanitarios, empresas, influencers do mundo da diabetes, etc. Este ano a nova edición tivo por nome “El reencuentro”, despois de dous edicións sen poder ser presencial polas circunstancias sanitarias.

ANEDIA estivo presente e ademais de desfrutar da programación de este ano tivemos a posibilidade de coñecer as persoas que só vemos en RRSS e tamén de que coñezan a ANEDIA.



8º CONGRESO NACIONAL DE PACIENTES CRÓNICOS SEMERGEN.

O 12 e 13 de maio en Narón tivo lugar unha nova edición presencial do Congreso Nacional de Pacientes Crónicos SEMERGEN.

Desta vez a nosa participación foi menor da prevista por enfermidade, pero ANEDIA estivo presente co seu programa SOMOS TIPO 1



Tamén participaron pacientes e asociacións de toda España, que pouco a pouco imos coñecendo.

Pilar Martínez de Diabetes Madrid é unha desas persoas coas que coincidimos en moitos eventos e tanto ela como a súa asociación xa son amigos e colaboradores de ANEDIA.



DEPORTE E ODS: A importancia do Deporte para a redución da desigualdade no marco da axenda 2030

O 21 de setembro asistimos, no auditorio Mar de Vigo, convidadas pola Deputación Pontevedra, a xornada "Deporte e ODS: A importancia do Deporte para a redución da desigualdade no marco da axenda 2030"

Foi unha xornada moi interesante na que se abordaron temas que nós extrapolamos á diabetes; a práctica do deporte implica un maior esforzo para acadar o mesmo resultado e non se pode permitir a discriminación pola súa condición. As/os nenas /os necesitan maior esforzo que as/os súas/seus compañeiras/os e dan sempre o mellor delas/es, o que fai que esteamos máis orgullosas/os se cabe.

A día de hoxe, moitas/os das/os campioas/óns Galegas/os das diferentes disciplinas deportivas son nenas/os con diabetes dos que nos sentimos profundamente orgullosas/os. Agradecemos a todos eses clubs que apostan polo deporte, a inclusión e a igualdade.



ACTIVIDADES EN EDUCACIÓN

O persoal que adícase á docencia cada vez teñen máis interese por aprender e saber resolver as cuestións que aparecen na aula no día a día cunha/cun nena/o con diabetes tipo 1, a maiores de que cada vez son máis numerosos os centros con alumnado con diabetes.

Seguindo a liña do ano anterior , os nosos servizos no 2022 neste área contemplan a modalidade en liña ou ben presencial, sempre adaptándonos ao que o centro precisase. Os nosos servizos son neste 2022 foron:



MATERIAIS E CHARLAS FORMATIVAS PARA PERSONAL DOCENTE E NON DOCENTE

Este ano realizáronse máis de 40 formacións para profesorado en centros educativos de todas as áreas sanitarias, que contemplaron actuacións en diferentes etapas educativas dende infantil ata secundaria. O traballo en todas as provincias galegas neste 2022 avalan a continuidade deste servizo xa que na actualidade é unha ferramenta imprescindible na xestión da DT1 nos centros educativos.

Formacións para coidadores dependentes da C. de Educación.



Durante este ano e grazas a colaboración da EGAP (Escola Galega de Administración Pública) ANEDIA impartiu unha formación específica para coidadores de centros educativos, incidindo nos distintos protocolos para alumnado con enfermidades crónicas, e con especial incidencia na formación en diabetes tipo 1. Curso de 15 horas de formación pertencente ao Plan de Formación Continua do persoal da administración Autonómica.

Algúns dos contidos que incluíu esta formación foron:

- ✓ Reforzar coñecementos en materia de saúde e sobre as necesidades máis comúns derivadas das enfermidades crónicas.
- ✓ Adquirir habilidades e estratexias para a atención e coidado do alumnado con problemas de saúde.
- ✓ Coñecer recursos que a administración educativa pon á disposición dos centros para a atención e o coidado da saúde do alumnado.

Xornadas de inclusión educativa.

O 30 de abril fomos convidados a participar en Santiago de Compostela nas xornadas de inclusión educativa, nas que estivemos presentes cun stand informativo, como entidade con convenio coa Consellería de Educación nas Xornadas de inclusión educativa organizadas pola EGAP e o CAFI.



ASESORAMENTO NA ELABORACIÓN DOS PLANS INDIVIDUALIZADOS E XESTIÓN NOS COMEDORES

Fixemos máis de 100 intervencións, de cara á mellora contínua e constante da calidade de vida do alumnado e as súas familias, así como tamén resolvemos problemáticas xurdidas nos comedores escolares.

No contexto dunha alerta escolar para o alumnado con diabetes tipo 1, o plan de atención individualizado que establece as pautas específicas para a xestión e coidado da/o cativa/o dentro da contorna escolar é unha ferramenta fundamental. Este plan que é desenvolvido en colaboración cos pais ou cuidadores, o persoal escolar e o equipo médico que trata a diabetes da/o nena/o; e cada vez máis conta coa nosa axuda para facelo efectivo, especialmente porque cada situación é diferente e o contido do plan individualizado pode variar dependendo das necesidades e características específicas da /o nena/o e o centro.

O obxectivo principal é garantir a seguridade e o benestar da/o nena/o mentres se atopa na escola, polo que a colaboración entre todos é primordial. Ademais, é fundamental que o persoal docente e non docente, como cuidadores estea capacitado e familiarizado co contido do plan para garantir unha adecuada implementación e resposta en caso dunha situación de emerxencia.

Grazas ao convenio con FOANPAS conseguimos que nos comedores escolares se contabilicen hidratos de carbono, e se suministre insulina, dúas pezas fundamentais na vida de calquera persoa con diabetes tipo I, pero aínda si cabe mais importante en nenos que aínda non están capacitados para ditas actuacións.

CHARLAS PARA O ALUMNADO DAS DIFERENTES ETAPAS EDUCATIVAS

As actividades encamiñadas a que as/os nenas/os coñezan algo máis da diabetes que poden ter as/os súas/seus compañeiras/os de aula son sempre gratificantes, porque estes recollen perfectamente a información e expoñen cuestións sempre interesantes sobre o tema. Complementa ás charlas formativas ao profesorado e son de utilidade sobre todo nos debuts, crecendo este 2022 o número de charlas impartidas nas aulas e tamén nos comedores.



Programa KIDS

A finais de 2021 chegou a España da man de SANOFI o Programa KiDS, desenvolto por expertos da Federación Internacional de Diabetes (IDF) e a Sociedade Internacional para a Diabetes Pediátrica e Adolescente (ISPAD) e avalado pola Federación Española de Diabetes (FEDE), a Sociedade Española de Diabetes (SEDE) e a Sociedade Española de Endocrinoloxía Pediátrica (SEEP).

Desde ANEDIA decidiuse incorporar KiDS como ferramenta formativa para dotar ao alumnado e profesorado dos coñecementos necesarios que permitan a integración en igualdade dos escolares con diabetes, á vez que proporcionan a toda a comunidade educativa coñecementos básicos sobre diabetes, alimentación e hábitos de vida saudables para a prevención da Diabetes tipo 2.


Polo que este ano 2022, incorporamos ao traballo que nós xa facemos nas escolas galegas, o material do programa de SANOFI, que tamén diríxese ao traballo na aula, mais con distintos enfoques. Ten material específico para os distintos actores, profesorado, alumnado e familias. Un material sinxelo e práctico ao que lle quitamos moito proveito nas aulas.



Despois dun ano de traballo, o 8 de novembro celebrouse a 1º edición dos Premios KiDS de SANOFI España e FEDE, onde ANEDIA obtivo a súa recompensa, xa que resultou gañadora dos 1º Premios coa Asociación Cántabra de diabetes e a ADILOR, Asociación de diabéticos de Lorca e comarca.

Proxecto BOLECHAS.

O proxecto BOLECHAS e Diabetes, está funcionando xa con 2 libros e un caderno de actividades. Busca proporcionar recursos e ferramentas educativas para as persoas con diabetes tipo 1 e as súas familias, co obxectivo de mellorar a xestión e o control da enfermidade. Ao longo do tempo, creáronse materiais informativos e didácticos que axudan a explicar a diabetes tipo 1 de maneira sinxela e accesible.



En total estas catro obras conforman un proxecto co que buscamos mellorar a inclusión socioeducativa das nenas e nenos con diabetes en tódolos ámbitos da súa vida. A última e nova publicación producida no 2022, “ Amigos e amigas con diabetes” aínda esta pendente de presentarse ao público neste 2023 . Temos que subliñar que este proxecto puido levarse a cabo, grazas a colaboración inestimable da área de Cultura da Deputación da Coruña.

Grazas á subvención do 2018, puxemos en marcha un primeiro libro dos Bolechas e a diabetes, que foi todo un éxito entre os profesionais da educación e da sanidade. As sinerxias que se produciron a redor proxecto fixo que se fixesen un par de pequenos audiovisuais dos

Bolechas e a diabetes e no 2020, sumamos un novo libro que se presentou en Abril de 2021: **Manuela é nova na Escola**. E en novembro de 2021 publicamos o **Caderno de actividades dos Bolechas de diabetes tipo 1**.



Nenas e nenos realizando o caderno de actividades dos Bolechas

Ademais comezou a andadura dunha pequena exposición do primeiro libro nos centros educativos. No 2022 continuouse nesta liña coa produción de materiais para nenos e nenas, que permitan a súa inclusión real, é produciuse un novo libro en galego con contido para os máis novos, onde a diabetes vívese de xeito diferente. As metas propostas para este ano 2023, ademais de presentar o novo libro “ Amigos e amigas con diabetes”, pasa por acadar unha das propostas máis arriscadas, mais necesarias na actualidade, un proxecto baseado no emprego de pictogramas e outros recursos que faciliten o intercambio de información entre as familias e os cuidadores externos/ profesorado. Traballamos en comunidade, e esta proposta nace de esa posta en común de necesidades non resoltas.

Proxecto HISTORIAS AZUIS

Este proxecto consta dun espectáculo didáctico de contos creado por Raquel Queizás en colaboración con ANEDIA, co obxectivo de integrar a diabetes nas escolas.

Para axudar á integración dos máis pequenos tanto na escola como no resto de escenarios da súas vidas, as *Historias Azuis*, presentan as súas amigas e amigos, compañeiras e compañeiros a súa realidade, dunha forma lúdica, cunha posta en escena profesional desde o coñecemento da doenza e cunha linguaxe teatral que nos fai poñer na pel da/o outra/o.



Imaxe do CEIP Santa Marina en Redondela e CEIP Ames.

A educación emocional é moi importante. Queremos nenas e nenos felices , que sexan boas persoas, que se sintan ben con eles mesmos e coa xente que os rodea. queremos nenas e nenos que saiban expresar non so contidos senón tamén emocións.

Neste 2022 algúns dos centros que acolleron este proxecto foron: CEI Vila Laura de Vigo, Colexio Niño Jesús de Praga, CEIP Santa Marina de Redondela, CEIP Ames, etc.

O creador dos Bolechas – Pepe Carreiro visita aos centros educativos polo Día mundial da diabetes.

Aproveitando a celebración do Día Mundial da Diabetes, Pepe Carreiro, autor de Os Bolechas pasouse por lo centro educativo As Acacias onde hai alumnado con diabetes para amosarlles como fai os debuxos dos protagonistas das nosas historias e asinar os libros dos Bolechas e Anedia



ACTIVIDADES CULTURAIS

As actividades culturais desempeñan un papel fundamental na visibilización e o fortalecemento do noso colectivo ao proporcionar espazos inclusivos, xerar conciencia, promover o empoderamento e romper estigmas, estas actividades ademais contribúen a unha sociedade máis inclusiva e equitativa para todas/os.

A nosa programación cultural do 2022 perseguíu os obxectivos de brindar espazos onde as/os nosas/os socias/os puideran participar e expresarse libremente, pero tamén actividades que vez que xeran conciencia e sensibilización como as exposicións, xa que estas educan ao público e dan a coñecer a realidade e os desafíos que afrontan as persoas con DT1

No 2022 contamos xa con 4 exposicións propias: dúas de fotografía e outras dous dos libros dos Bolechas.

- Que a diabetes non te pare.
- Os Bolechas coñecen o que é a diabetes.
- Manuela é nova para a escola.

En ANEDIA sabemos da importancia que ten para as familias que os seus concellos colaboren en actividades coas distintas asociacións, por iso seguiremos a traballar con eles dando visibilidade á diabetes.


Exposicións

Exposición “ Que a diabetes non te pare ”



Dende ANEDIA, tentamos amosar dentro de todos os eidos e soportes a realidade da diabetes tipo 1, coa colaboración de Pichero, buscouse realizar unha serie de fotografías que puxesen de relevancia dúas visións: por un lado que a diabetes tipo 1 é unha enfermidade invisible, que non se pode adiviñar nos rostros das/os que a padecen e polo outro lado mostrar a realidade vital de que a diabetes non é un impedimento para cumprir as nosas metas e o soños dos máis novos.

Durante 15 días no mes de febreiro tivemos a ocasión de visitar esta exposición fotográfica, no Centro Ágora; na que colaboraron o Concello da Coruña e Cultura da Deputación de A Coruña.



Exposición no Centro ágora, A Coruña.

Tamén no mes de novembro instalouse como exposición permanente no Hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo. E foi inaugurada por Javier Puente Prieto, Xerente da Área Sanitaria de Vigo.



No Centro Comercial Vialia pudemos visitala durante o fin de semana do 14 e 15 de novembro con motivo da celebración Día Mundial da diabetes.



DÍA MUNDIAL DA DIABETES
 14 DE NOVIEMBRE
 #queadiabetesnontepare
 anedia
Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia

VIGO
 Exposición fotográfica en VIALIA
 Que a diabetes non te pare
 PICHERO Estudio fotográfico
 Do 11 ao 14 de Novembro
 Mesa informativa días 11 e 12





E tamén puido visitarse no Centro Comercial Ponte Vella en Ourense.



DÍA MUNDIAL DA DIABETES
 14 DE NOVIEMBRE
 #queadiabetesnontepare
 anedia
Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia

OURENSE
 Exposición fotográfica no Centro Comercial PONTE VELLA
 Mesa informativa
 Que a diabetes non te pare
 PICHERO Estudio fotográfico
 do 12 ao 14 de Novembro





As exposicións de Os Bolechas

Estas exposicións no 2022 realizáronse en diferentes centros educativos como no Sagrado Corazón de Lugo. No centro comercial Ponte Vella en Ourense polo Día mundial da Diabetes colocouse a exposición Manuela é nova na escola xunto coa exposición de Pichero xa antes mencionada.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS E DE LECER.


As actividades deportivas e de lecer son unha aposta permanente nas nosas actuacións anuais xa que proporcionan espazos de encontro e apoio para os nosos asociados. Estas actividades xeran encontros que crean redes de apoio, facilitan o intercambio de experiencias e promoven a solidariedade entre as persoas participantes. Ademais contribúen a romper estigmas e prexuízos, ao mostrar a diversidade e o potencial das persoas con DT1. Ao presenciar os seus logros e talentos, pódense derrubar barreiras e cambiar actitudes negativas.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS

O deporte é fundamental para todas as persoas, pero máis se vives con diabetes tipo 1. En Anedia traballamos o deporte dende dúas vertentes, unha apoiando a todas as persoas con diabetes tipo 1 para que o continúen practicando ou ben para que o retomen se o abandoaron. A segunda vertente é organizar unha programación con eventos deportivos de diversa índole, para desfrutar en comunidade pero tamén que nos axuden a visibilizar a diabetes tipo 1 e a súa realidade.

No 2022 a nosa programación deportiva aumentou considerablemente, e supúxonos un esforzo moi importante.



I Trail SICENATA PACATA e Andaina “ruta Sicenata Pacata”.

Este primeiro trail organizado por Anedia tivo lugar o domingo 30 de xaneiro ca axuda da Deputación de Ourense e o Concello de Pereiro de Aguiar.



Un evento deportivo solidario con motivo dos 100 anos que se cumpriron do descubrimento da insulina, e no mes de Xaneiro de 1922 o seu emprego por primeira vez dunha inxección de insulina nun paciente con diabetes. Grazas a este fito a diabetes tipo 1 pasou de ser unha doenza mortal a ser unha enfermidade crónica, e moitos miles de persoas conseguiron un futuro.



O Trail Running é un deporte moi habitual a día de hoxe entre as/os deportistas que permite desfrutar o mesmo tempo do atletismo e a natureza. Esta proba estivo orientada a atletas amateurs de entre 16 e 65 anos. A andaina estivo aberta a todos os públicos e nela se empregou parte do mesmo percorrido buscando que todas/os puidesen participar deste reto deportivo. Para que puideran participar todas as persoas que o desexaran tiñamos estes 2 percorridos que mencionamos. Un percorrido curto de 7 km que seguiu integramente a ruta de sendeirismo xa existente.

Esta ruta forma parte da rede de rutas de sendeirismo que ven de recuperar o Concello de Pereiro de Aguiar, sitúase nas ladeiras do Río Miño, percorrendo camiños tradicionais e sendeiros entre

densas carballeiras e pequenos regatos. O obxectivo do concello é poñer en valor os importantes valores etnográficos e epigráficos que esta contén. Destacando por enriba de todos a denominada “Pedra das Letras” que contén a inscrición “Sicenata Pacata”, a que Ferro Couselo e outros especialistas vincularon coa conquista destas terras por parte do exército romano. O outro percorrido para os máis ousados foron 15km.



Buscábase unha proba destinada o deportista amateur polo que o percorrido non debía superar os 20km, nin ser inferior os 15km. Buscando un desnivel acumulado de entorno os 1200 m. Un dos atractivos da proba foi a “subida ata a pedra sicenata pacata”, 2Km de subida continua dende a saída.

Todo o recorrido foi balizado e revisado varias veces para evitar problemas cos participantes.

Ademais na carreira contamos con varias persoas voluntarias que pasaron diante das/os corredoras/es e outras que fixeron de escobas, para comprobar que o percorrido fora apto e sen problemas no momento da proba. Cun día frío pero espectacular de sol, a proba tivo lugar cun balance final de 429 participantes.



Os premios da proba entregáronse por Dona Luz Doporto, Deputada Provincial Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego en representación da Deputación de Ourense, D. Luis Menor, Alcalde de Pereiro de Aguiar e Dona Elisa López, responsable de ANEDIA Ourense, e secretaria de ANEDIA Galicia.



Esta proba non sería posible sen o apoio da Deputación de Ourense e o Concello de Pereiro de Aguiar. Temos que agradecer tamén a total colaboración da Asociación de Veciños Santa Cristina e do Club de Fútbol Vilariño que nos facilitaron enormemente as tarefas de organización desta proba. Ao igual que a todas as persoas voluntarias de Protección Civil que estiveron pendentes en todo momento de que a proba discurrise segundo o previsto. E por último as nosas infinitas grazas a Jose Olivier Reboredo Campos director técnico desta proba, e alma da mesma.



I

I Carreira Móvete pola diabetes



Deporte e solidariedade uníronse na I Carreira Solidaria Móvete Pola Diabetes que tivo lugar na Pobra do Caramiñal no 9 de xullo, pretendeuse así dar visibilidade e informar sobre a diabetes, que afecta a un 14% da poboación española, ademais de ser unha proba con índole benéfica a favor de ANEDIA, proba que se organizou xunto coas Concellarías dos Deportes e a de Sanidade do Concello da Pobra do Caramiñal, ademais da Deputación da Coruña, en colaboración coa Asociación de Atletismo e Deportes do Barbanza e a Federación Galega de Atletismo.

Case 240 corredores nunha carreira case nocturna que intentou ser unha cita entre amigas/os do deporte cunha dose de divulgación. Unha tarde de calor que encheu a Pobra de corredoras/es e de colaboradoras/es, con moitos clubs e atletas que nos acompañaron. no día de onte.

Contamos cun posto de enfermería, onte tres voluntarias Ermitas, Mónica e Ana, estiveron realizando glicemias e contestando as dúbidas das/os que se acercaron polo súa mesa. O Colexio Oficial de Podólogos de Galicia estivo presente tamén dando información, con Juan Dios o seu presidente. Ademais tivemos a sorte de contar con dúas atletas Lidia Parada e Jessica Rial dando voz á proba.



Foto Carlos Grafias acompañounos nesta nova aventura e deixounos de agasallo un álbum para o recordo. E tamén algo que nos queda para sempre son os vídeos de colaboración que se fixeron cos varios clubs deportivos da Pobra e o persoal do centro de saúde, vídeos que Adrián González elaborou para nós de xeito desinteresado. E igualmente foron moitas as empresas, asociacións e particulares que colaboraron con esta proba.

De verdade que foi algo moi especial, porque na meta fomos vendo chegar a moitas/os coñecidas/os, amigas/os, deportistas, que chegaban cansas/os pero cun sorriso e unha mirada

cómplice.



IX Milla ANEDIA en Pontevedra.



**MÓVETE
POLA DIABETES**
IX MILLA SOLIDARIA ANEDIA

ANEDIA
Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia

Coa participación dos colexios profesionais

COLABORAN

SETGA VIAQUA

FFL FROIZ

CONGALSA PIC

prosaga La gjerita

publicolor

Rías Baixas Atletismo

SERVIZO GALEGO de SAUDE

DOMINGO | 13 | NOVEMBRO | 2022 | 10.30 h
AVDA. DE MONTERO RÍOS | PONTEVEDRA

Inscripcións: www.carreirasgalegas.com

Dorsal 0

Logo of Pontevedra City Council

Logo of Pontevedra City Council (Social Welfare)

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

O 14 de novembro máis de 550 participantes na IX Milla Solidaria ANEDIA, unha cita xa consolidada no calendario deportivo. Unha mañá fantástica de domingo, onde nos acompañou o tempo soleado, e moita xente do atletismo, pero tamén familias enteiras facendo deporte. Contamos coa presenza de COLEF Galicia e con eles puidemos disfrutar dun quentamento activo e tamén de probas de resistencia e forza, e tamén co Colexio Oficial de Podólogos de Galicia (COPOGA) quenes resaltaron a importancia da figura do podólogo na diabetes. Sen esquecer a presenza do Colexio Profesional de Dietistas-Nutricionistas de Galicia.

Agradecemento especial a Deputación de Pontevedra, representada pola deputada Olga García Ballesteros e ao Concello de Pontevedra coa presenza de Tino Fernández e de Marcos Rey Pazos.

Sen esquecer a todos os profesionais da Federación Galega Atletismo, que sempre se portan de dez con nos, á nosa voz da atleta Lidia Parada, as imaxes de Fotocarlosgrafias, e a axuda incondicional do Atletismo Rías Baixas con Gonzalo Méndez Fraguas ao fronte da parte técnica desta proba.



Pero tamén agradecer ás empresas que nos axudan a que isto sexa posible, e a todas as persoas voluntarias que axudan a que todo saia ben. A diabetes é unha enfermidade que o único bo que nos trae é xente marabillosa que nos acompaña e nos aporta moito.



Taller iniciación á Marcha Nórdica na Coruña

Esta actividade encádrase dentro do proxecto Somos tipo 1 do Concello de A Coruña que financia a mesma e tivo lugar o 11 de Febreiro. Organizamos un taller de iniciación a marcha nórdica que saíu do aparcadoiro da Torre de Hércules na que houbo unha gran participación e pasamos unha tarde de camiñada e convivencia.



TALLER DE INICIACIÓN Á MARCHA NÓRDICA

A Coruña, venres 11 de Febreiro as 17.30h
Aparcamento da Torre de Hércules
Impartido por Cecilia Garcia Carrara

Taller gratuito. Préstamo de bastóns se os precisas.
Inscripcións en anediagalicia@gmail.com
ou teléfono 644 97 14 54



anedia
Asociación de Nenas, Nenos e
Xente Nova con Diabetes de Galicia



SALUD Y
GYM BOUTIQUE
MOVIMIENTO

Deputación de Lugo – Coñece a túa provincia

Esta actividade foi promovida e financiada pola Deputación de Lugo. Aproveitamos esta oportunidade para premiar as boas prácticas dos centros educativos, porque o foco temos que poñelo naqueles centros onde o alumnado con diabetes tipo 1 está atendido e a inclusión é unha realidade.



O primeiro centro que puido desfrutar desta experiencia foi o CEIP Rosalía de Castro do Concello de Lugo. Asistiron dúas clases, unha mediante o programa da Deputación, e outra subvencionada polo propio centro.

Na ruta escollida puideron visitar diferentes enclaves na localidade de Cervo, con visita á fábrica de Sargadelos, ao paseo dos Namorados e á vila de San Cibrao, na que se visitou a Praia do Torno, carpintería de ribeira e Museo do Mar en Cervo e cun xantar no restaurante Buenavista de San Cibrao.

Segundo nos contaron a experiencia foi fantástica, e axudou a afrontarse aos medos que as veces podemos ter, cando temos rapaces e rapazas na aula con algún problema de saúde. Neste caso 8 casos de alerta escolar entre os participantes, que poderían botar para atrás a máis de un, pero esta experiencia puxo en evidencia que o que se precisa é intentar facer unha vida o máis “normalizada” posible, e seguir sumando experiencias.

Deputación de Pontevedra – En ruta coa DEPO

Grazas o programa “RUTA COA DEPO” da Deputación Pontevedra un grupo de familias de Anedia chegadas de tódolos puntos de Galicia visitaron a illa de Ons.

Fixemos varias rutas e compartimos un día onde os pais compartimos vivencias do noso día a día... Alí estiveron tamén parte dos nosos rapaces que en verán asistiron o noso I Campamento e aproveitaron a oportunidade para volver a verse.



OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS

Participación no Día do deporte no COLEF

O 29 de abril de 2022 celebrouse o Día de la Educación Física. O Celebramos, convidados polo COLEF na Praza María Pita de A Coruña cunha mesa informativa e actividades para a cativada relacionadas co libro dos Bolechas.

Máis de 400 estudantes e docentes de 6 centros escolares participaron nesta xornada.



Colaboración na andaina de PONTESÁN

O 20 e 22 de maio celebrouse o III Pontesan. O domingo 22 tivo lugar a andaina. A finalidade era promover unha sociedade máis inclusiva e un maior achegamento entre as entidades socio-sanitarias e deportivas de Pontevedra

A xornada de clausura incluíu ademais da lectura do manifesto a andaina solidaria PonteSan, que saíu ás dez da mañá e foi un percorrido de catro kilómetros aproximadamente polo Camiño de Santiago con saída da praza de A Peregrina e chegada á praza de España. As persoas participantes remataron a xornada desfrutando cun chocolate quente con rosca e tamén algo de froita.



Participación en “Os 100kms do Barbanza”



Os 100 dos International Trekkers realizouse en 24 horas entre os días 25 e 26 de xuño, saíndo ás 16h do sábado 25 de Lousame (A Coruña). Foi unha proba non competitiva que se puido realizar correndo ou andando, sen ningún tipo de restrición, sempre que se cumpriran uns tempos de paso mínimos nos controis. É como unha ultra andaina por todos os concellos do Barbanza na que en representación de Anedia participou Javier Pitarque e a asociación estivo presente colaborando nos avituallamentos.



Colaboración na Andaina solidaria CIE GALFOR

O domingo día 3 de Xullo en Ourense celebrouse a II Andaina Solidaria a favor de Anedia Galicia que organizou CIE GALFOR, todo o recadado destinouse as actividades que realizamos na área de Ourense. Agradecer a CIE Galfor, Concello De Taboadela , Inorde, Protección Civil e a todos os patrocinadores desta andaina, a súa implicación nos nosos proxectos.

Foi un percorrido circular de 6kms dunha dificultade media. Tamén realizouse un acto de plantación de árbores á entrada do pobo de Pasadán e sorteos. Esta iniciativa xuntou a máis de 150 camiñantes no Concello De Taboadela.

ORGANIZA: CIE Galfor

II ANDAINA Solidaria

a favor de: **anedia**

DOMINGO 3 JULIO
Hora de Salida: 10:00 h

Lugar: Centro Social de Santa Leocadia (Taboadela)

FECHA/HORARIO: DOMINGO 3 JULIO de 2022 con saída a las 10:00 horas.
Hora de recollida de dorsales: 9:30h. Hay "plazas limitadas"

RECORRIDO
El punto de saída está situado en Centro Social de Santa Leocadia.
todo o recorrido está señalizado, sendo obrigatorio pasar por todos os controis establecidos por la organización. El participante que se retire debe avisar en el centro más próximo.
Se realiza un nivel de validación de fichas a la entrada del Puesto de Pasadán.

INSCRIPCIÓN
Se realiza el registro de la inscripción a las 10:00 horas.
(8 € íntegro para la Asociación) en la cuenta de la asociación ANEDIA (Asociación de Nenas, Nenos e Xente Nova con Diabetes de Galicia).
La Círculo: **ES46 2100 4080 1421 0034 6747**
hasta el día 21 de Junio inclusive, indicar nombre, apellidos y DNI, así como especificar **alegías alimentarias** en el momento del ingreso.
En caso de ser un grupo indicar nombre y apellido del responsable y el número de personas que integran el grupo.
Opción "Dorsal 0€" para los que quieren aportar a las Asociaciones sin participar en la actividad (distinta a una compra de ingreso "Dorsal 0€").
El número del dorsal da derecho a **Anualmente: SORTEO** y Asistire al final de la andaina con animación.
CIE Galfor donará el mismo importe que el participante más inscrito.

MÁS INFORMACIÓN EN LOS TELÉFONOS:
CIE GALFOR (Ourense) Teléfono: 988 880044 FAX: 981 881187
Asociación ANEDIA (Ourense) Teléfono: 987 83 30 84



Participación na II Carreira popular San Antón

O 7 de agosto estivemos en Cuntis, cunha mesa informativa na II Carreira popular de San Antón que visitaron ,entre outros, os concelleiros Conchi Campos e José Treviño.



Presenza na Lilly Diabetes Cup IX 2022

Desta vez dous nenos de ANEDIA participaron na IX Lilly Diabetes Cup 2022, o 10 e 11 de setembro, un evento de fútbol dirixido exclusivamente a nenas e nenos con diabetes de entre 8 e 12 anos, que se realiza de xeito anual en Madrid, na Cidade do Fútbol de Las Rozas, sede oficial da Real Federación Española de Fútbol e da Selección Española. Organizado por Lilly e FEDE co obxectivo de normalizar e fomentar a responsabilidade e autonomía dos menores no manexo da súa diabetes.

Nesta novena edición contou co amadriñamento e a colaboración da futbolista da selección española Andrea Pereira. A defensa española comparteu a súa experiencia ao ser diagnosticada de diabetes tipo 1 aos 12 anos.



Participación no Paseo pola Saúde



O 1 de Outubro estivemos presentes no I PASEO POLA SAÚDE, organizado pola Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras. O obxectivo foi promover hábitos saudables, e dar visibilidade a diferentes doenzas, en conxunto, celebrar a vida.

Un paseo de 8kms pola beira do Miño, dende a Ponte Vella ata o Tinteiro; nun primeiro tramo de 4 km e despois ata o Muiño da Veiga para as persoas que así o quixeran. Foi unha xornada de convivencia entre profesionais e pacientes, na que ao rematar tivemos obradoiros de saúde.



O reto de Steve

Ás 7 da mañá do 12 de novembro, para conmemorar o Días Mundial da Diabetes; Steve, que é un dos nosos socios, daba comezo ao seu reto persoal de 10 horas pedaleando pola diabetes.

Steve é unha persoa con diabetes e tamén é pai dun neno con diabetes, mochila que as veces se fai demasiado pesada pero que él aprende a xestionar día a día.

Este reto formou parte desta xestión, e de intentar visibilizar a realidade da diabetes.

Estivo 10 horas sobre a bici nunha ruta circular Vigo - Baiona. As 17h o recibimos na cuberta de Centro Comercial Vialia Estación de Vigo.





Canos pero feliz, Steve contounos como se sentiu:

“ Como vosotros sabéis, tener diabetes causa muchos problemas y muchas personas no lo saben. A mi modo de ver, uno no puede decir cómo es sin tener que convivir con ello, no solo está el agobio de tener diabetes sino todo lo demás que conlleva, los constantes pinchazos en los dedos, la falta de vacaciones, la mochila enorme que llevamos y muchas otras cosas.

Para mí, el lado psicológico de las cosas siempre es lo más difícil , por lo que la razón para hacer este desafío fue esforzarme más allá de los límites y demostrar que incluso con diabetes es posible.

Completando el reto por supuesto estoy extremadamente cansado pero también muy agradecido con las personas que me rodean ¡Qué la diabetes no nos pare!”

III Motos Diabetes Day Outeiro de Rei

O 4 de decembro tivo lugar o III Motos Diabetes Day foi unha cita inesquecible para todos os participantes. O obxectivo da actividade era informar e visibilizar que a diabetes non é un impedimento para practicar o deporte do motociclismo. Organizado por BS21 School – KSB, Escola e Promoción do motociclismo Galego e ANEDIA, coa axuda do Concello de Outeiro de Rei, a Federación Galega de Motociclismo e o apoio do piloto coruñés de Supersport300 Borja Sánchez que foi o anfitrión da xornada. Un evento único no mundo das motos e da diabetes preparado para rapaces e rapazas de entre 10 e 16 anos. Eles ocupáronse de todo: motos, cascos, guantes, licencias, seguros, etc e nos fomos desfrutar dun día máxico.

Por un día a diabetes trouxo algo bo e os rapaces cas emocións a flor de pel e as hormonas de festa desfrutaron dunha xornada inesquecible por que todo o equipo son expertos en motociclismo pero tamén en diabetes. Convidámosvos a participar na seguinte edición por que é unha experiencia que hai que vivir.



A xornada comezou ás 10 da mañá cunha pequena recepción dos participantes por parte do Delegado Territorial da Xunta, D. Javier Arias, o alcalde de Outeiro de Rei, José Pardo, o director da escola BS21 Fernando Seijo, o piloto Borja Sánchez e María J. Rego presidenta de ANEDIA.



MOTOCICLISMO

PARA TODOS *Diabetes Day*

¡TERCERA EDICIÓN!

A BS21 School - KSB, Escola e Promoción do motociclismo Galego, invitamos a realizar un evento diferente, para celebrar o día mundial da Diabetes. O obxectivo é informar e visibilizar que a diabetes non é un impedimento para practicar o deporte do motociclismo, para isto convocamos 10 prazas para rapaces e rapazas con diabetes tipo1, con idades comprendidas entre os 10 e 16 anos.

BS21 SCHOOL **KSB**

EN QUE CONSISTE ?

En pasar un día na nosa escola practicando o deporte do motociclismo (4 horas aproximadamente).

REQUISITOS ?

Saber andar perfectamente en bicicleta, ter DNI, autorización paterna e aceptación de responsabilidade a organización que participantes están federados ese día.

ONDE E CANDO SERIA ?
Domingo 20 de Novembro no circuito de Outeiro de Rei.

Logos: Federación Galega de Motociclismo, anedia, RVE, JUNTA DE GALICIA, PNB, GLS.

A actividade foi federada e as/os participantes debían saber andar perfectamente en bicicleta e contar con autorización das súas nais, pais ou titores para a actividade. A escola BS-21 encargouse de todo o necesario para a celebración da actividade: seguros federativos, instalacións, traxes, cascos, petos, motos, equipo de mecánicos e monitores.

Participación do Babybasket ANEDIA Galicia xunto o Clube de Baloncesto Brion

O día 18 de decembro o equipo Babybasket ANEDIA Galicia estivo no Concello de Noia. Participaron nunha iniciativa fantástica do Clube de baloncesto de Brión que traballan dende os valores sociais dende ben cativos, amosando directiva, familias e todas/os as/os xogadoras/es unha empatía e xenerosidade que non se atopa sempre, ese día o deporte unha vez máis ofreceunos algo do que aprender, grazas ao Clube Baloncesto Brión por esta iniciativa.



Participación no proxecto internacional GLOBAL DIABETES WALK

A camiñada é unha campaña mundial de concienciación sobre a diabetes organizada todos os anos en novembro pola Fundación Mundial de la Diabetes (WDF). Desde 2004, máis de 5 millóns de persoas se uniron á Camiñada Mundial pola Diabetes para apoiar a prevención a diabetes, ANEDIA é colaborador deste evento mundial.



CAMPAMENTOS

Por primeira vez en case 10 anos que ten Anedia organizamos uns campamentos para a cativada e mocidade de Anedia, entidades amigas e a mozos/as con diabetes tipo 1 que quixeran participar.

Este era un proxecto xa previsto para 2020 pero a pandemia nos obrigou a aprazalo, pero neste 2022 fixémoslo realidade.

Foi unha aposta moi forte para a nosa pequena infraestrutura, pero con moito esforzo conseguimos sacala adiante, e supuxo todo un reto, xa que organizamos dous e non só un.



Campamento xuvenil

O primeiro que se realizou no Concello de Outes para rapaces de entre 12 e 17 anos do 7 ao 11 de Agosto, onde acudiron 25 rapaces e rapazas de toda Galicia

Este grupo desfrutou de 5 días de convivencia que non van esquecer, a enerxía e a chispa que desprendía este grupo de rapazas e rapaces foi marabilloso.

Fixeron piña, e agardamos que esta experiencia sexa o xerme de moitas máis iniciativas de ANEDIA. O equipo de monitores de Enredos S.L e , as nosas voluntarias e Luz, a nosa enfermeira, déronno todo para que este proxecto saíse adiante.

Este campamento non tería sido posible sen a colaboración de Cultura de Deputación de A Coruña, do Concello de Outes, que nos cedeu o pavillón de deportes, e das empresas que fixeron donativos para que esta iniciativa puidera saír adiante, pero tamén de iniciativas como a I Carreira Solidaria Móvete pola diabetes na Pobra do Caramiñal.

Realizaron diferentes actividades a o longo dos cinco días que estiveron no campamento, cunha soa premisa DIVERTIRSE, porque os veráns son para iso, para desfrutalos e divertirse, e se é en boa compañía moito mellor.

A diabetes vai na mochila, pero non debemos darlle o espazo xusto, e non permitir que nos impida desfrutar. Aprendemos a xestionarnos, aprendemos da experiencia dos outros, e nos divertimos como corresponde a estas idades.



Dragon boat en Ponte Nafonso, Kayak, paddle surf, rutas a cabalo, praia, paseos nocturnos, excursións....e cunhas pinceladas de cultura e tradicións máis un chisco de educación en diabetes para aderezar unhas vacacións inesquecibles.



Campamento Xente Nova

A Xente nova é unha parte moi importante de Anedia e non podía faltar un campamento aricado a eles. Durante 5 días, outro grupo de persoas entre 18 e 29 anos acompañados de voluntarios desfrutou da Illa de Ons nun campamento organizado para que puideran compartir vivencias, experiencias, tempo de lecer e non se sentiran diferentes.

Este segundo campamento foi na Illa de Ons, entre o 21 e o 25 de Agosto, no Parque Natural das Illas Atlánticas, todo un luxo para os participantes e voluntarios.

O máis importante para este campamento era o intercambio de experiencias, e recoller as necesidades deste colectivo, para poder organizar máis actividades encamiñadas a esta área.

Os voluntarios desta actividade tiveron un papel fundamental, dende os seus perfís laborais e incluso sanitarios ofreceron outras visións aos participantes do que é a vida con diabetes e de cómo xestionala sen que esté nun primeiro plano.



Do 21 ao 25 de Agosto. Prazo de inscrición ata o 20 de xuño

Prezos por persoa: Socios ANEDIA 100€. Socios de outras asociacións 140€. Outros 150€
O prezo non inclúe o transporte ata a illa. Poderán levar un compañante ao mesmo prezo.

Máis información en anediagalicia@gmail.com - 644 97 14 54 // 644 057 192



Realizaron unha morea de actividades e rutas pola illa. Este campamento foi posible grazas a colaboración de Xuventude da Xunta de Galicia.

DIFUSIÓN NOS MEDIOS E REDES

Este 2022 o reto foi desenvolver unha nova estratexia de medios, un proceso inda sen rematar é a modernización dixital continua na que está inserta a sociedade e na que nos falta aínda moito traballo por facer. A presenza nos medios é unha ferramenta valiosa para ANEDIA na nosa labor de mellorar a calidade de vida das persoas con diabetes e promover o seu benestar. As razóns principais de ampliar a nosa presenza en medios son:

- **Sensibilización:** A presenza nos medios nos axuda a sensibilizar á sociedade sobre a diabetes, os seus efectos e as necesidades das persoas que viven con esta enfermidade. Ao aumentar a conciencia pública sobre a diabetes, pódense lograr maiores niveis de apoio e comprensión cara ás persoas que viven con esta doenza.
- **Difusión da información:** A través dos medios de comunicación, ANEDIA difunde información sobre a diabetes, coidados e recomendacións, a importancia da nosa acción, dos nosos proxectos e actividades. Isto pode ser especialmente importante para aqueles que viven en áreas remotas ou teñen acceso limitado a información de calidade sobre a diabetes e poder chegar a axudarlles se fora preciso.
- **Captación de recursos:** A presenza en medios pode axudarnos a atraer recursos, tanto financeiros como humanos, para levar a cabo os nosos proxectos e programas de actividades. Ao facer visible o noso traballo e impacto na comunidade, podemos xerar maior interese e apoio entre os posibles patrocinadores e persoas voluntarias.

TVG en directo

BOS DÍAS

Galicia TV Europa Galicia TV América



As nosas estratexias neste 2022 para axudar a superar este desafío, foron:

- Utilizar as redes sociais, xa que son unha ferramenta poderosa para chegar a unha audiencia máis ampla. ANEDIA incrementou a súa actividade nas plataformas Facebook, Twitter, Instagram e LinkedIn na que compartimos información relevante e promovemos as nosas actividades e eventos.
- Manter novas relacións cos medios de comunicación, mais inda é unha tarefa pendente a de aumentar a cobertura de moitas das nosas actividades e presenza en eventos, para visibilizar o noso traballo.
- Participar en eventos e conferencias relevantes, este ano a nosa presenza foi maior e permitiunos aumentar a nosa visibilidade e establecer contactos importantes.
- Colaborar con outras organizacións afíns, aumentou a nosa presenza nas redes sociais e ampliamos un pouco o noso alcance.

A presenza en medios de comunicación no 2022 foi importante para ANEDIA, xa que nos brindou unha oportunidade para chegar a unha audiencia máis ampla e aumentar a conciencia pública sobre a diabetes e as necesidades das persoas que viven con esta enfermidade crónica. Ademais, axudounos a difundir información importante sobre a diabetes, os seus tratamentos e coidados, e a atraer recursos para levar a cabo os nosos programas e actividades en beneficio da comunidade.

Ao longo de todo o ano coas diferentes actividades programadas estivemos presentes nos medios de comunicación tanto de prensa escrita, como na radio e na televisión con ocasión das distintas actividades que fomos realizando. Algúns dos medios de comunicación que de forma recorrente fan eco das nosas actividades son: A voz de Galicia, Faro de Vigo, A Voz Ourense, Cope, Pontevedra Viva, CRTVG, entre os máis destacados.



CAMPAMENTO

Jóvenes con diabetes se divertieron en Outes

En las últimas semanas, 19 jóvenes de entre 12 y 18 años de toda Galicia con diabetes tipo 1 y seis acompañantes participaron en un campamento con base en Cruceiro de Roo que estuvo organizado por la asociación Anedia. Pudieron disfrutar de diferentes

actividades, como una travesía en el Joaquín Vieta, conocer la playa de Broña, practicar piragüismo y otros deportes náuticos y visitar espacios como el parque de aventuras Naturmaz. La iniciativa contó con la colaboración del Concello de Outes. FOTO: ANEDIA

Campamento xuvenil en Outes

Como expoñemos nas liñas anteriores, a presenza de ANEDIA nos medios de comunicación é moi importante, xa que a sociedade en xeral ten un grande descoñecemento da realidade e das necesidades das persoas con diabetes tipo 1 e sobre todo das/os nenas/os afectadas/os. Por

todo isto, é importante informar e transmitir a información o máis real posible, o día a día das persoas e familias con diabetes tipo 1.

Na nosa páxina web <https://anedia.gal/> contemplamos unha sección coas novas máis destacadas que tamén difundimos a través das redes sociais nas que estamos presentes e xa mencionadas en liñas anteriores.

O alcance nas nosas redes sociais incrementouse este 2022 en relación ao ano anterior, en especial pola estratexia de darlle importancia á interacción nos medios. Para nós foi moi importante xa que chegamos a unha audiencia máis ampla, aumentando a nosa efectividade, intentando promover o noso traballo e actividades de maneira máis efectiva.

As redes sociais ofrécenos unha oportunidade única para interactuar coa comunidade de persoas que viven con diabetes, os seus familiares e cuidadores. A través delas proporcionamos información e fomentamos a participación nos nosos proxectos e programas de actividades.



Alcance das redes de Facebook e Instagram.

ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN

Día mundial da saúde. Ourense e Pontevedra

O 7 de abril co gallo do Día Mundial da saúde o Concello de Pontevedra convidounos a compartir un almorzo biosaudable no Cafetín da Alameda de Pontevedra no que aproveitouse para dar lectura ao Manifesto: “A Vida é Movernos” e presentar novas actividades relacionadas con este novidoso programa de acción a prol dunha vida máis activa como medio eficaz para a promoción integral da saúde.



En Ourense celebrouse este día no Espazo Ágora cun encontro entre as asociacións de pacientes. Realizouse unha mesa informativa no vestíbulo do novo hospital. En Vigo o Hospital Povisa organizou o seu Consello Asesor de pacientes para este día. Nos medios estivemos presentes nunha entrevista da TVG no programa Bo día con motivo da celebración deste día mundial da saúde.

II Feira de saúde e benestar

O 23 de Abril en Ames na casa da cultura de Bertamiráns, estivemos presentes cunha mesa informativa na que, aproveitando que era o día do Libro, quen nos visitou levou como agasallo o caderno de actividades dos Bolechas, proxecto cofinanciado pola Deputación da Coruña.



Feira da saúde, PONTESÁN.

Os días 20, 21 e 22 de maio tivo lugar o PONTESÁN a III Feira da Saúde e do Benestar de Pontevedra. Evento referente para toda Galicia en saúde e benestar, asociacionismo e colaboración no que estivemos novamente convidados e tivemos un stand informativo.

Nesta feira temos que destacar o contacto directo co público en xeral e tamén entre as asociacións, algo que nos parece fundamental



DÍA MUNDIAL DA DIABETES 2022



O 14 de Novembro, día mundial da diabetes, é unha oportunidade de visibilización da mesma, que nos abre portas que durante outras épocas do ano non temos dispoñibles. Un ano máis volvemos contar co apoio das Deputacións: Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e concellos para esta tarefa.

Neste día mundial, coma en anos anteriores, fixemos unha campaña cos concellos e Deputacións para iluminar de azul, poñer lonas e cartaces nos Concellos e difundir un vídeo polas redes. A colaboración foi total ca maioría de Concellos contactados.

Pontevedra, Vigo, Meaño, Baiona, O Porriño, Mos, Moaña, Redondela, Pontearreas, Cangas, O Rosal, Nigrán, A Guarda, Cuntis, Salceda de Caselas, Gondomar, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Salvaterra do Miño, Caldas de Reis, Pontearreas, Redondela, A Coruña, Santiago de Compostela, Ribeira, Carral, A Pobra do Caramiñal, Ames, Boiro Brión, Oroso, Ordes, Lugo, Cervo, Outeiro de Rei, Burela, Foz, Ourense, Pereiro de Aguiar, Verín, Carballiño,.. e de seguro que deixamos algún atrás polo que pedimos desculpas.




Algúns dos actos foron: Iluminación en Azul dalgún edificio ou monumento dos concellos dende a tarde do 13 hasta a mañá do día 15. Colocación dunha lona indicativa da conmemoración do día mundial da diabetes. Proxección de vídeo conmemorativo elaborado por ANEDIA nalgunha pantalla nas súas

En Vigo realizouse unha mesa informativa no Centro Comercial Vialia. Ademais estivemos presente durante a fin de semana no centro comercial cunha exposición fotográfica de Pichero “ Que a diabetes non te pare”. Con motivo desta celebración tamén realizáronse obradoiros de historias Azuis.



Foron tamén moitos os centros escolares que celebraron co seu alumnado o DMD:



No

CEIP Nosa Señora da Esperanza, U. amosou a os seus compañeiros como traballa un can de alerta médica para detectar e avisar das hipoglicemias:



Ou actos coma os de Club deportivo de Baloncesto de Redondela, Club Sar,

Ou outras das actuacións en A Coruña onde realizouse unha xornada de limpeza na praia de Orzán organizada por DEXCOM. Facilitouse todo o material necesario para realizar a actividade (luvas, bolsas reusables e chalecos). Como peche final, gozamos dun aperitivo e compartimos impresións sobre a experiencia.

Os residuos que atopamos tiveron un uso posterior, pois con eles realizamos unha actividade artística ao día seguinte cos rapaces que acudiron ao Diabetes Evolution.



ACTIVIDADES DE NADAL 2022

Os tres hospitais de Ourense, Verín e Valdeorras participaron este ano no III Concurso de Decoración de Nadal da Área Sanitaria, iniciativa que se iniciou coa pandemia para agradecer os esforzos do persoal por humanizar os espazos en datas tan complexas, e que agora se consolida. Dende ANEDIA Galicia participamos como xurado neste certame.

Estivemos presentes no Festival de Nadal de música tradicional de Arrancadeiras de Pobra, na que participaron varios grupos e dende a entidade instalamos unha mesa informativa.



Participamos tamén no Mercadillo Solidario de Nadal do Concello do Pereiro de Aguiar o 17 de decembro.

Outras colaboracións

As actividades detalladas con anterioridade só son un parte do día a día de Anedia no 2022, intentamos estar presentes e participar e colaborar con outras entidades, empresas, administracións que organizan eventos que implantan proxectos, ofrecen servizos ou desenvolven actividades vinculadas ao noso centro de interese, a enfermidade crónica DT1, actividades vencelladas as áreas do benestar social, sanidade, política social, etc; polo que este 2022 tamén estivemos presentes en:

- Webinars sobre diabetes, e investigación, por exemplo o 26 de xaneiro asistimos ao webinar diabetech “más lejos,más cerca”

Actos coas diferentes Deputacións

- O 8 de marzo acudimos ao acto celebrado na Deputación de Ourense par aconmemorar o día da muller. I edición de “Emprendedoras en feminino”

Reunións e actos con distintas fundacións e asociacións de toda Galicia.

- O 25 de marzo asistimos á gala da fundación “Lo que de verdad importa” organizada en Galicia pola fundación JOVE



PREMIOS E MENCIÓNS

GANADORES I EDICIÓN PREMIOS KIDS 2022



No contexto do Día Mundial de la Diabetes (DMD), a Federación Española de Diabetes (FEDE) fixo entrega dos Premios Programa KiDS. Esta iniciativa, que contou coa colaboración de Sanofi, reconece as accións e postas en marcha polas federacións e asociacións membros de FEDE, orientadas a implementar a formación en diabetes nos centros educativos españois. Neste sentido, a Asociación Cántabra de Diabetes (ACD), a Asociación de Diabéticos de Lorca e a súa comarca (ADILOR) e a nosa Asociación de Nenas, Nenos e

Xente Nova con Diabetes de Galicia (ANEDIA) resultamos gañadoras desta primeira edición destes premios.

Un dos principais obxetivos de ANEDIA dende a súa fundación é a inclusión real do alumnado con diabetes nos centros escolares, por iso dende o primeiro momento unha parte fundamental era o traballo nas aulas e co persoal. Este ano topámonos cun programa educativo KiDS que Sanofi trae a España e que recibe o apoio de FEDE e das sociedades científicas, e que complementa o traballo que xa estábamos a facer, e decidimos incluílo nas nosas liñas de traballo.



ANEDIA leva anos traballando cos centros educativos da comunidade para dar atención aos menores con diabetes nas aulas e puxo en marcha diferentes accións, dentro do marco do Programa KiDS en centros educativos da comunidade Galega, como xa mencionamos no apartado adicado a educación, co fin de mellorar a experiencia escolar e a atención aos escolares que conviven coa diabetes en Galicia.

NOMINACIÓNS PREMIOS FEDE 2022

Por segundo ano consecutivo ANEDIA é finalista aos Premios FEDE, finalista no Premio Mercedes Benito co proxecto *Caderno de actividades sobre diabetes tipo1* do noso proxecto Bolechas, na categoría *Participación da Xuventude* , que presentouse ao público grazas a unha recreación audiovisual.

Esta nominación, recoñecen o traballo e esforzo que fai ANEDIA día día pola normalización da diabetes na nosa autonomía.



AGRADECEMENTOS

Dende a directiva de ANEDIA queremos agradecer a súa colaboración á Consellería de Sanidade, Consellería de Educación, Deputación da Coruña, Deputación de Pontevedra, Deputación de Ourense e Deputación de Lugo.

A todos os concellos de Galicia que colaboraron con nós: Pontevedra, Vigo, Meaño, Baiona, O Porriño, Mos, Moaña, Redondela, Ponteareas, Cangas, O Rosal, Nigrán, A Guarda, Cuntis, Salceda de Caselas, Gondomar, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Salvaterra do Miño, Caldas de Reis, Ponteareas, Redondela, A Coruña, Santiago de Compostela, Ribeira, Carral, A Pobra do Caramiñal, Ames, Boiro Brión, Oroso, Ordes, Boiro, Lugo, Cervo, Outeiro de Rei, Burela, Foz, Ourense, Pereiro de Aguiar, Verín, Carballiño,.. e de seguro que deixamos algún atrás polo que pedimos desculpas.

A todas as empresas que nos axudaron a levar a cabo as nosas actividades que figuran nesta memoria, que é o resultado dun gran esforzo colectivo: Air Liquide, Dexcom, Sanofi, Lilly, Novo Nordisk, Ypsomed, Abbott, Medtronic, Viaqua, Congalsa, Pic, Prosaga, SETGA, Froiz, Gadisa, Publicolor Soluciones Gráficas, Glucoup, Torre de Nuñez, Era Dixital., DS Smith Packaging Cartogal, BS21School, Centro de Pilotaxe KSB Sport, Chicolino Restauración, Ecoplas, Actemsa, Centro de Jardinería Espiñeira, Expertia Inmobiliaria, Sport Maniotas, Sportmoda, Carrefour Express, Eroski, Expertia Inmobiliaria, Froitas Varela, GLS A Pobra, Impulsa Dixital e Francisco Fernández Lijo S.L.

E tamén a todas as entidades que nos axudan, e fan a nosa tarefa moito máis doada.: Circuito Outeiro de Rei, Club de Atletismo Rías Baixas, Federación Galega de Atletismo, Atletismo Barbanza, Federación Galega de Motociclismo, FOAMPAS, CAFI e todos os CEFORES de Galicia, Víctor Martínez de Foto Pichero, e Carlos de Carlosgrafías.

O noso especial recoñecemento a todas as familias que facilitan o traballo a esta directiva, propoñendo, organizando e axudando todos os días do ano. A toda a familia, amigos e coñecidos que botan unha man sen moitas veces nin ter que pedirlo.

Outro enorme grazas aos profesionais sanitarios que nos axudan a levar mellor a nosa vida compartida ca diabetes, e que están sempre dispostos a axudar en todo aquilo que está a súa man.

Para a directiva este 2022 supuxo todo un reto, con moitas actividades que podedes ver nesta memoria e moitas outras que son invisibles, incontables reunións, correos e documentación para preparar proxectos e avanzar.

Cada día espertamos con novos problemas e retos, e a nosa axenda non avanza ao ritmo que nos gustaría, porque o importante é axudar a resolver, a diabetes non agarda, non podemos dicir que o deixamos para mañá, porque o importante son as persoas. Temos a sorte de contar con moitas socias e socios que sempre están aí para aportar o seu coñecemento, experiencia ou as veces dándonos ánimos a todos.

Desde esta directiva confiamos en que pouco a pouco os novos proxectos irán vendo a luz e prometemos seguir traballando con ilusión. Pero queremos dar as GRAZAS a todas as persoas que dalgún xeito colaboraron nestes e outros proxectos.

